

Johán de Cangas, Meendinho e Martin Codax .



Johán de Cangas, Meendinho e Martin Codax representan a extraordinaria eclosión de creatividade que, na nosa lingua, estourou en Galicia no período medieval.

Os nosos homenaxeados trobaron en galego nun período da nosa historia no que a lingua, considerada habitualmente como galego-portugués, agromaba como expresión da alta literatura. Na lírica medieval encontramos, asemade, préstamos de procedencia galo-románica debido ás primeiras peregrinaxes a Compostela.

A lírica trobadoresca é a primeira manifestación literaria da lingua galega. No século XII espállase

desde Provenza, o seu territorio orixinal, por case toda Europa. No entanto, a lírica medieval galego-portuguesa posúe características propias e unha grande produtividade e orixinalidade. A cantiga galego-portuguesa máis antiga da que se ten noticia é "Ora faz ost'o senhor de Navarra", un escarnio político escrito por Johan Soarez de Pávia e datado entre 1196 e 1198. A nosa lírica medieval esténdese ata mediados do século XIV, sendo habitual establecer o ano 1350, data do testamento do Conde D. Pedro. Tras esta época de esplendor prodúcese unha etapa de decadencia coñecida como a "Escola galego-castelá", antesala dos Séculos Escuros da literatura galega.

As cantigas da lírica galego-portuguesa constitúen un conxunto de 1679 cantigas profanas e 427 cantigas relixiosas. Son textos manuscritos, musicados e coleccionados nos chamados Cancioneiros. Coñécense tres grandes Cancioneiros -Cancioneiro d'Ajuda, o Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa e o Cancioneiro da Vaticana- aínda que contamos tamén con seis documentos breves que achegan

información, como por exemplo a Tavola Colocciana, unha listaxe de autores de cantigas e, sobre todo, o Pergamiño Vindel.

Moi pouco sabemos dos nosos trobadores Johán de Cangas, Meendinho e Martin Codax e son tamén escasas as obras que poden atribuírselles. Comparten, no entanto, algúns aspectos. Trátase sempre de cantigas de amigo, un tipo de composición breve na que a voz poética é unha muller namorada que se dirixe ao seu amigo, habitualmente ausente nese momento. Ademais, os autores comparten orixe. Probablemente os tres proceden do entorno da ría de Vigo: Johán de Cangas da zona do Morrazo, Meendiño de Redondela ou Vigo e Martín Códax de Vigo, polas numerosas referencias á cidade nas súas composicións.

Johán de Cangas foi un trobador do século XIV do que conservamos tres cantigas de amigo sobre o Santuario de San Mamede. O elemento máis importante das súas composicións é o mar.

Meendinho foi un trobador que viviu entre o século XIII e XIV do que conservamos unha única cantiga de amigo, considerada entre as máis importantes da lírica galego-portuguesa: "Sediam'eu na ermida de San Simón".

Martín Codax viviu entre a segunda metade do século XIII e comezos do século XIV. Del conservamos seis composicións que están recollidas nos Cancioneiros e tamén no Pergamiño Vindel, gardado na Pierpont Morgan Library de Nova York. As cantigas atribuídas a Martin Codax son as seguintes: "Ondas do mar de vigo", "Mandad'ey comigo", "Mia yrmana fremosa treydes comigo", "Ay Deus se sab'ora meu amado", "Quantas sabedes amar amigo", "En o sagrad'en Vigo" e "Ay ondas que eu vin veer". No pergamiño consérvase, ademais, a notación musical das cantigas, o cal supón unha excepción dentro da nosa lírica medieval.

Breve mostra da súa obra

Sedia-m'eu na ermida de San Simi3n, Meendinho

Sedia-m'eu na ermida de San Simi3n
e cercaron-mi as ondas, que grandes son.

Eu atendend'o meu amigo. E verr3a?

Estando na ermida ant'o altar,
cercaron-mi as ondas grandes do mar.

Eu atendend'o meu amigo. E verr3a?

E cercaron-mi as ondas, que grandes son:
non hei i barqueiro, nen remador.

Eu atendend'o meu amigo. E verr3a?

E cercaron-mi as ondas do alto mar:
non hei i barqueiro, nen sei remar.

Eu atendend'o meu amigo. E verr3a?

Non hei i barqueiro, nen remador:
morrerei eu fremosa no mar maior.

Eu atendend'o meu amigo. E verr3a?

Non hei i barqueiro, nen sei remar:
morrerei fremosa no alto mar.

Eu atendend'o meu amigo. E verr3a?

Ondas do mar de Vigo, Marin Codax

Ondas do mar de Vigo,
e vistes meu amigo?

E, ai Deus, se verr3a cedo!

Ondas do mar levado,
se vistes meu amado?

E, ai Deus, se verr3a cedo!

Se vistes meu amigo,
o por que eu sospiro?

E, ai Deus, se verr3a cedo!

Se vistes meu amado
por que hei gran cuidado?

E, ai Deus, se verr3a cedo!

Amigo, se mi gran ben queredes, Xoh3n de Cangas

Amigo, se mi gran ben queredes,
id'a San Mamed'e veer-m'-edes:
hoje non mi mençades, amigo.

Pois mi aqu3 ren non podedes dizer,
id'u hajades comigo lezer:

hoje non mi mençades, amigo.

Serei vosqu'en San Mamede do Mar,

na ermida, se mi o Deus aguisar:
hoje non mi mençades, amigo.